

**GALICIA REGISTRA UN TOTAL DE 1.679 CASOS ACTIVOS POR CORONAVIRUS**

09 06 2021

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que, na última actualización, o número de casos activos de coronavirus en Galicia é de 1.679, deles 331 son da área da Coruña, 208 da de Lugo, 164 da de Ourense, 186 da de Pontevedra, 441 da área de Vigo, 253 da de Santiago e 96 da de Ferrol.

Do total de pacientes positivos, 15 están en UCI, 56 en unidades de hospitalización e 1.608 no domicilio. Polo de agora, en Galicia hai un total de 123.495 persoas curadas, rexistrándose 2.427 falecementos.

O número de PCR realizadas é de 2.289.653.

O número de doses de vacina contra a covid-19 administradas é de 2.114.534.

A Xunta continúa a traballar desde a máxima coordinación interdepartamental e co Ministerio de Sanidade, tamén mantendo o contacto con todos os axentes socioeconómicos de Galicia. Neste senso, Sanidade reitera que segue alerta actualizando todas as medidas e recomendacións e en vixilancia permanente.

| CASOS VINCULADOS A ESCOLAS INFANTÍS E CENTROS EDUCATIVOS | TOTAL GALICIA |
|--|---------------|
| NÚMERO DE POSITIVOS                                      | 294           |
| AULAS PECHADAS   | 4             |
| CENTROS PECHADOS   | 0             |

Os datos de escolas infantís e centros de ensino non universitario corresponden aos rexistrados diariamente a través dos propios centros e as xefaturas territoriais.

**Uso do 061 para casos graves e emergencias e o 900 400 116 para dúbidas**

A Consellería de Sanidade reitera que a ciudadanía empregue o número 061 só para emergencias ou casos graves e aconsella utilizar o número gratuito do 900 400 116 para consultar dúbidas ou síntomas leves de coronavirus.

Sinalar, ademais, que o Sergas ten a disposición da ciudadanía a páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/> na que se pode consultar información dirixida á poboación, aos profesionais sanitarios e a outros colectivos.

**Rexistro de viaxeiros no 881 00 20 21 e obrigatoriedade do uso da máscara**

Lémbrese que as persoas que visiten Galicia nas vindeiras datas e procedan ou estivesen, durante os 14 días previos á súa chegada, nalgún dos territorios con alta incidencia epidemiolóxica incluídos na listaxe publicada no Diario Oficial de Galicia, deberán facilitar os seus datos de contacto ao Servizo Galego de Saúde, ben a través do teléfono 881 00 20 21 ou ben a través do formulario da web do Sergas.

Ademais, reitérase o carácter obligatorio do uso da máscara tanto en espazos abertos como pechados, poñendo especial énfase na súa utilización nos locais e establecementos comerciais e de hostalería.

**Recomendacións**

Os técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade volven reiterar as recomendacións consensuadas entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade, e lembran que, en liñas xerais, aconséllase adoptar as medidas de autoprotección e limitación da diseminación do virus común a calquera infección respiratoria, como a gripe.

Así, extremarase a hixiene de mans, lavándoas frecuentemente, especialmente despois de tusir ou soarse, e cubrirase o nariz e a boca cun pano -preferentemente desbotable- ao tusir ou esbirrar, ou se non se dispón de pano, na cara interna do cóbado. Ademais, evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca coas mans.

É importante tamén procurar unha axeitada ventilación dos espazos interiores optando preferentemente por espazos abertos e tratando de evitar aglomeracións.

Non se debe esquecer o mantemento da distancia de seguridade, o uso axeitado da máscara e atender ás restricións específicas que se poidan establecer en cada comarca ou concello.

